

# DiariodePontevedra

EDITA: LÉREZ EDICIONES S.L. Depósito Legal PO-31-1965.

SEDE	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	E-MAIL
<b>Redacción, Administración y Publicidad:</b>	Lepanto, 5. 36001 Pontevedra.	Centralita: 986 011 100	Redacción: 986 011 142 Publicidad: 986 011 144	diario@diariodepontevedra.com
Delegación <b>Marín y Morrazo</b>	C/ Rúa do Sol. 8. Marín	986 890 240		marin@diariodepontevedra.es cangas@diariodepontevedra.es
Delegación <b>Vilagarcía</b>	C/ Avda. de A Mariña, 60. 2º. Vilagarcía	986 506 745		vilagarcia@diariodepontevedra.es
Delegación <b>Lalín</b>	C/ Alcalde Ferreiro, nº 14-Ent. Lalín	986 784 848		lalín@diariodepontevedra.es



► «As illas son boas patrias para os versos. Penso na pequenísima e soa de Mendingo; e midamos o tempo desde a súa cántiga: cen veráns sete veces. Ou tal vez proceda invocar O arquipélago de Hölderling (acaso o gran poeta do mundo), non menos merecente de perpetuidade.»

(‘Estrela do norte’. Luís Rei)

Día de ledicia o de hoxe. Día de agasallar á xente que escribe libros, que artella historias para que os demais gocemos do milagre da lectura. Hoxe poñemos proa cara a illa dos poetas, a illa da nosa memoria, a illa dende onde fai uns anos a **Editorial Xerais** agroma a forza das nosas letras cun premio que enche de honra ao noso sistema cultural.

Ondas de San Simón que cantara o poeta como axóuxere para unha festa no medio da ría flanqueados polas ondulacións dos avelaíños montes, entre lendas de tesouros afundidos, ante areas onde afoutadas mulleres dobran o lombo decote para agasallarnos cos manxares da terra, en definitiva, unha romaría na cerna do que nós mesmos somos. Alí onde terra e mar conxúganse para que xurdan os ronseis dos nosos escritores como unha pegada de escumas no mar, e que nós tamén deixaremos ao ir a carón deles. Homes e mulleres que escriben novelas para todos nós, homes e mulleres que escriben libros para mozos, e homes e mulleres que escriben para cativos. Escribir, escribir, escribir... todo se agocha aí e todos



## Ronseis

### A VIDA NUN FÍO

RAMÓN ROZAS



eles conforman unha paisaxe que hoxe se mergullará nesa fenda aberta no interior da nosa terra na que cada ano agroma unha ditosa sementeira de palabras.

As previsións meteorolóxicas falan de chuva, tanta que ao mellor temos que cruzar a ría, en vez de no apracible **Babuxa**, nun daqueles aparellos ideados polo maxín de **Jules Verne**, o que sería moi acaído pola inclusión nesta edición do premio Jules Verne de Literatura Xuvenil. Ogallá esas pingas sexan como a chuva de prata que cantara **Fina Casalderrey** nesa mesma illa e da que da gusto rematar enchoupado, chuva que tan ben lle fará a cerdeira que **Xabier P. DoCampo** deixou prantada o pasado ano, e que hoxe veremos como medrou ao longo de todo este ano. **Xavier Senín** será o que, como mantedor do acto, converta o seu discurso nun arrollo ás nosas letras no instante previo á nova que todos agardamos, a de coñecer os nomes dos gañadores das tres categorías a concurso.

Neste reino tamén temos unha abdicación, como non, literaria, a do último gañador do Premio Xerais, **Xabier López**, aínda que el mesmo di que a coroa non a deixa, que lle prestou moito tela durante un ano no que as súas ‘Cadeas’ brillaron con luz propia, sendo non poucos os recoñecementos que ambos, autor e novela, obtiveron. Tampouco o seu acompañante como gañador do Premio Merlín de Literatura Infantil, **An-**

**tonio Manuel Fraga**, dubidará en facilitar a sucesión que nos amosará novos nomes que manterán firmes os elos que durante tantos anos enguedellou este premio e esta reunión.

Na pasada edición fixéronme o agasallo de permitirme participar como membro do xurado do Premio de Novela. Unha experiencia enriquecedora que, nas horas previas á entrega do premio deste ano, recupero por volver a sentir o formigo do orgullo de ter participado na escollo dun libro xa para sempre instalado nunha relación de prestixio. Tamén por poder coñecer a xente á que un tanto admira pola súa obra ou mesmo pola súa compoñente vital, e por sentirme parte dunha engrenaxe que serve para medrar a valía da nosa cultura. Engádeselle a iso o acto puramente egoísta de ler varias novelas antes co resto dos lectores, ou ver como ao longo dos meses seguintes algúns deses títulos presentados saen do prelo e acadan magníficos resultados nas listaxes de vendas, o que fala moi ben da saúde dos nosos escritores que non deixan de parir historias para que os lectores saciemos as nosas apetencias literarias.

Mentres regreso á illa vendo como a espuma se desfai no medio do combate interminable das ondas e os nubeiros grises loitan coas luces da tardiña para darnos un acougo, sinto a esa cerdeira chamando por nós, como unha serea sedutora na procura de alguén que alivie a súa soedade dun ano enteiro. «Alí veñen os dos libros». Semella dicir. «Pois que suban a terra, que respiren o aire salgado e que trouleen todo o que queiran, hoxe é día de festa e as nosas letras repinican coma campás boureantes para ledicia de todos os que as queren».